



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



VILASANTAR
Un refuxio natural

Axudas económicas aos custos derivados da instalación de valados fixos para a prevención dos danos que poida ocasionar o lobo (MT809F)

* Prazo solicitude: ata o 06 de febreiro de 2023

* Beneficiarios: persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza Celta e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

* Contía:

a) Valados fixos electrificados: 1 cercado por cada rabaño de ata 30 reses de gando menor ou 10 reses de gando maior e un máximo de 2 cercados por explotación cando se supere o número das ditas reses.

O importe máximo da axuda será de 3,5 € por metro lineal ata un máximo de 1.750 € por valado, IVE excluído.

b) Valados fixos con malla gandeira ou cinxética metálica: 1 cercado por cada rabaño de ata 50 reses de gando menor ou 20 reses de gando maior e un máximo de 2 cercados por explotación cando se supere o número das ditas reses.

O importe máximo da axuda será de 4,5 € por metro lineal ata un máximo de 4.500 € por valado, IVE excluído.

* Máis info: DOG nº 4 do 5 de xaneiro de 2022

Xunta de Galicia

Servizo de Caza e Pesca Fluvial (San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela)

Teléfono: 881997212/ 981546084

Email: caza.pesca@xunta.gal <http://www.cmati.xunta.es/>

Axudas económicas para a prevención dos danos que causan as especies silvestres: lobo e xabaril (MT809D)

* Prazo solicitude: ata o 06 de febreiro de 2023

1. Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo:

Beneficiarios: persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza Celta, equino e apícola que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

Para:

- Adquisición e manutención de cans para a protección e defensa do gando.
- Adquisición de pastores eléctricos e/ou de cerrumes de malla electrificada.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



VILASANTAR
Un refuxio natural

2. Liña para prevención de danos ocasionados polo xabaril.

Beneficiarios:

a) As persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade agraria e estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), creado mediante o Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, e modificado pola disposición derradeira terceira do Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa de produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

b) As explotacións agrarias destinadas ao autoconsumo.

Para:

- Adquisición de pastores eléctricos.

* Máis info: DOG nº 4 do 5 de xaneiro de 2022

Xunta de Galicia

Dirección Xeral de Patrimonio Natural (San Lázaro,s/n 15703 Santiago de Compostela)

Teléfono: 881997212 Fax: 981957106

Email:dxcn@xunta.es <http://www.cmati.xunta.es/>

****Non serán obxecto de subvención o IVE nin o transporte dos materiais, a man de obra para a instalación e mantemento.**